



Concello de Cospeito

Asunto: VIII CERTAME DE POESÍA TORRE DE CALDALOBA
Expte:709/2025

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

DON ARMANDO CASTOSA ALVARIÑO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO), EN USO DAS ATRIBUCIÓN LEGALMENTE CONFERIDAS

Vista a vontade de celebración do VIII Certame de Poesía A Torre de Caldaloba do Concello de Cospeito.

Visto que no BOP de Lugo Núm. 175 do venres, 1 de agosto de 2025 publicáronse as Bases de execución do orzamento 2025. CAPITULO III: Normas xerais ás que deberán axustarse as bases específicas que regulen a convocatoria de subvencións e a súa tramitación.

Visto que se redactaron as **BASES ESPECÍFICAS DO VIII CERTAME DE POESÍA TORRE DE CALDALOBA (CONCELLO DE COSPEITO)**

Visto que existe crédito adecuado e suficiente para a realización do gasto mediante os documentos contables que figuran no expediente.

Atendendo ao establecido na Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones.

Esta Alcaldía en virtude do establecido no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como a Resolución 530/2023 en materia de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro.16. da Resolución da Alcaldía 530/2023 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Aprobar as **BASES ESPECÍFICAS DO VIII CERTAME DE POESÍA TORRE DE CALDALOBA (CONCELLO DE COSPEITO)** para o ano 2025, que se incorporan como Anexo á presente resolución e a súa convocatoria.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto derivado dos premios do concurso que se establecen

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

nas presentes bases Bases específicas , con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ANEXO

BASES ESPECÍFICAS DO VIII CERTAME DE POESÍA TORRE DE CALDALOBA (CONCELLO DE COSPEITO)

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino, convocan, en colaboración coa Xunta de Galicia e Culturalia GZ o VIII CERTAME DE POESÍA TORRE DE CALDALOBA, co fin de poñer en valor este monumento histórico, promover a súa conservación e, asemade, fomentar a creatividade e estimular a creación poética.

PRIMEIRA

Poderán concorrer ao certame todos os autores e autoras que o desexen, calquera que sexa a súa finalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

A concesión efectúase mediante o réxime de concorrência competitiva

SEGUNDA

Establécese a seguinte categoría:

1. De 16 anos en adiante

TERCEIRA

A aplicación orzamentaria destinada aos premios da convocatoria é a 334.48000 do orzamento do Concello de Cospeito.

Establécense dous premios:

- 1.º premio - 1.500 € máis a publicación da obra no prazo de un ano, contado a partir do fallo do xurado para poemarios que teñan unha extensión mínimo de 300 e máximo de 600 versos.
- 2.º premio - accésit a publicación da obra no prazo dun ano, contado a partir do fallo do xurado para poemarios que teñan unha extensión mínima de 300 e máximo de 600 versos.

Así mesmo, os gañadores recibirán unha figura conmemorativa e un diploma.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

Para o caso dos menores de idade, para recibir o premio, o gañador/a estará acompañado polo seu pai, nai ou titor.

CUARTA

1. Os poemas presentaranse escritos en lingua galega.
2. Presentarase unha única obra por autor.
3. Terán unha extensión mínima de trescentos versos e máxima de seiscentos versos
4. Presentaranse escritos a ordenador, en calquera soporte, por unha soa cara, con tamaño de letra 12, tipo "Arial".
5. Deberán ser orixinais, inéditos e non premiados en ningún outro concurso ou certame literario. A súa temática, métrica e rima será libre.
6. Non poderán participar os gañadores das dúas últimas edicións do Certame de Poesía Torre de Caldaloba.
7. O incumprimento dalgunha destas condicións na obra premiada significaría a anulación da adxudicación, procedendo o xurado a formular de novo a proposta de adxudicación ou declarando deserto o premio.

QUINTA

O prazo de presentación das obras comezará o día seguinte da súa publicación pola BDNS no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través da instancia xeral, dispoñible na sede electrónica do Concello de Cospeito <https://concellodecospeito.sedelectronica.es>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no Concello de Cospeito ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Cospeito.

Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

As persoas interesadas que opten pola presentación electrónica deberán formular súa solicitude, mediante a presentación da instancia xeral, e presentarán a seguinte documentación en arquivos independentes:

O traballo. Este arquivo nomearase co lema da obra e o pseudónimo da persoa autora.





Concello de Cospeito

Autorización dos pais ou titores dos menores onde consten os datos de nome, apelidos e idade do/a menor que se presenta ao concurso, (menores de 18 anos)

No caso de que se opte pola presentación presencial, á solicitude, deberá presentarse a seguinte documentación:

Un sobre tamaño folio, pechado, coa seguinte inscrición: VIII Certame de Poesía Torre de Caldaloba, acompañado do pseudónimo e o lema da obra. Este sobre incluírá o texto da obra en folio formato A4

Un sobre pechado no que figurará o lema que distinga traballo, e no que no seu interior irá o nome e apelidos do autor/a, DNI, enderezo, teléfono, poboación de residencia.

Autorización dos pais ou titores dos menores onde consten os datos de nome, apelidos e idade do/a menor que se presenta ao concurso (menores de 18 anos)

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Co obxecto de garantir o anonimato das persoas que redacten as obras, tanto na presentación presencial como na electrónica cumpríranse as seguintes exigencias:

- Na cabeceira da obra indicárase exclusivamente o lema da obra presentada e o pseudónimo.
- Neste texto non poderá figurar ningún dato que permita identificar a persoa participante e romper o anonimato.

O xurado poderá eliminar por defecto de forma as obras presentadas que non se axusten ao disposto nesta base, unha vez requirida a documentación que falte e dado o preceptivo prazo de dez días para a corrección de erros (art. 68 da Lei 39/2015 de 1





Concello de Cospeito

de outubro).

Non deben por os datos do remitente no pdf da obra a presentar, senón os traballos serán nulos.

O prazo de entrega das obras remata o 19 de outubro de 2025 as 23:59 horas.

SEXTA

De acordo coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos dos participantes serán tratados de forma confidencial co fin de garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, a súa honra e intimidade persoal e familiar.

SÉPTIMA

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contados a partir da publicación da convocatoria no BOP.

A resolución de concesión, que poñerá fin á vía administrativa, será notificada a participantes nos termos previstos na LeyPACAP.

Os/as autores/as premiados/as convocaranse ao acto de entrega dos premios o 22 de novembro de 2025.

Aos premios practicaránselle as retencións legalmente establecidas.

Con carácter previo á concesión e ao pagamento deberá acreditarse que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVA

Formaran parte do tribunal con voz pero sen voto os seguintes, o Presidente do tribunal: Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito, o Secretario do tribunal: o administrador de Culturalia GZ, os vogais do tribunal, a Concelleira de educación e cultura do Concello de Cospeito, a Concelleira de Igualdade do Concello de Cospeito, a Presidenta da Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino, a Secretaria da Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino ou persoas en quen deleguen. O fallo será dado a coñecer con data 19 de novembro de 2025 a través dos medios de difusión e comunicado ás persoas gañadoras, entregando os premios nun acto convocado a tal fin con data 22 de novembro de 2025.

O xurado con voto encargado de avaliar os traballos presentados estará composto por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario, a súa composición será dada a coñecer xunto ca emisión do resultado. O xurado poderá declarar desertos algún ou todos os premios motivando para elo a súa resolución (art. 35 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

O Xurado terá en conta os seguintes criterios na valoración dos traballos:

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

- Técnica literaria e estilo
- Expresividade e forza dramática

A valoración do xurado aterase á discrecionalidade técnica do mesmo.

NOVENA

As obras orixinais quedarán en poder do Concello de Cospeito que se reserva os dereitos de explotación do traballo, produción, distribución, exposición, transformación, tradución ou calquer outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.

As obras non premiadas poderán ser devoltas no prazo dun mes despois da proclamación das persoas premiadas. De non ser así, serán destruídas.

O Concello publicará a obra premiada a través dun acordo cunha editorial. Esta editorial entregará á persoa gañadora 20 exemplares da obra premiada.

A obra premiada publicarase coa editora despois da sinatura de un contrato correspondente co autor/a , segundo a Lei vixente.

A aceptación do premio comporta que o autor/a da obra gañadora cede a Editora os dereitos de propiedade intelectual durante o período de vixencia asinado entre autor e editorial. (cun máximo de 15 anos segundo a lei de propiedade intelectual)

DÉCIMA

Os concursantes, polo feito da súa participación, aceptan en todos os seus termos as presentes bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo tribunal.

UNDÉCIMA

A regulación xeral da subvención axustarase ao disposto nas Bases de execución do orzamento de 2025, no capítulo III: "Normas xenerais as que deberán axustarse as bases específicas que regulen a convocatoria de subvencións e a súa tramitación". (B.O.P. 01/08/2025)

DUODÉCIMA

Cantas incidencias se deriven do desenvolvemento deste Concurso e da interpretación destas Bases serán resoltas polo órgano concedente, a Alcaldía.

Contra a presente convocatoria, as súas Bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interpoñerse os seguintes recursos:- Recurso Contencioso Administrativo, perante o xulgado do Contencioso administrativo, de acordo con o previsto no art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; no prazo de dous meses a contar desde o día





Concello de Cospeito

seguinte á data da publicación da Resolución- Previamente e con carácter potestativo, Recurso de reposición de conformidade co art. 123 da LeyPACAP; no prazo dun mes para contar desde a publicación da resolución ante o Alcalde-Presidente.- O interesado, con todo, poderá interpoñer calquera outro recurso se o estima conveniente

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, na data sinalda a marxe; do que eu como Secretaria municipal dou fe.

